Asociación Área Empresarial do
TAMBRE

O futuro pasa polo Biopolo Sionlla

Decembro 2022

SUMARIO

Editorial do presidente da Asociación Área Empresarial do Tambre, José Fernández Alborés 3

Reportaxe sobre o Biopolo Sionlla 5-13

Isabel Suárez Joyería no Nada 14

Artigo da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez 15

Proxecto europeo Spin Up 17

Programa Integrado de Emprego (PIE) 2021/22 18-19

Área de Servizos da Asociación 21

Artigo do alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo 23

Artigo de Isabel Neira 25

Reportaxe sobre a homenaxe a oito empresas que este ano cumpren 25 como asociadas á Asociación Área Empresarial do Tambre 26-35

Acuarela de José Baqueiro 36-37

Reportaxe histórica sobre a Asociación 38-41

Artigo do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde 43

Reportaxe sobre as exposicións artísticas no Centro Empresarial do Tambre 45-49

MEN, no posto 54 da clasificación nacional de empresas do sector 50

Artigo do reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Antonio López 51

Artigo de Xavier Freire 53

Reportaxe sobre o Camiño Inglés 55

Óptica Hermo, establecimiento sanitario de óptica 57

Listado de socios colaboradores 58

REDINOX, acero inoxidable desde 1993 61

Listado de asociados 62-70

Edita
ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE

Redacción, fotografía, deseño e maquetación
VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN

Acuarela
JOSÉ BAQUEIRO

Fotografía histórica
ARQUIVO ASOCIACIÓN

Impresión
GRÁFICAS GARABAL

A Asociación respecta os artigos de opinión e colaboracións asinadas, que son responsabilidade exclusiva dos seus autores e non facéndose responsable do seu contido.

Depósito Legal: C 2116-2022

Asociación Área Empresarial do TAMBRE

Vía Edison, 1 – Polígono Industrial do Tambre
Santiago de Compostela
Tlf. 981 55 28 50 - Fax. 981 58 48 22
aepit@poligonotambre.com

www.poligonotambre.com

O noso horizonte

Vivimos tempos difíciles e convulsos: a invasión de Ucraína, os elevados prezos enerxéticos, a desbocada inflación… Pero nin o mundo nin a vida se deteñen. Todo segue movéndose a unha extraordinaria velocidade. Os empresarios sabémolo ben. Temos que estar alerta e ir por diante todo o que poidamos. Pero tamén é certo que cómpre botar a vista atrás de cando en vez. Miramos e vemos moita faena realizada, moitas dificultades superadas, moitos contratempos afrontados, e así ano a ano. Por outra parte, tamén reparamos en que creamos emprego, riqueza e progreso.

Acabamos de reunirnos na nosa sede social para felicitar os nosos empresarios e emprendedores. Coma sempre, fixémolo distinguindo firmas que fan vinte e cinco anos na asociación. A unión sempre nos fai máis fortes, converténdonos nun actor principal que contribúe a mellorar a nosa contorna e abordar con éxito servizos comúns.

Esta unidade de acción permitiunos, igualmente, ser ambiciosos e liderar a creación do Biopolo Sionlla, cuxa inminente inauguración será como un singular agasallo de Reis. Tivemos a colaboración imprescindible da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, así como da nosa Universidade e a Cámara de Comercio, logrando a fortaleza necesaria para que o proxecto sexa unha realidade. Algo polo que todos debemos felicitarnos, sen esquecer que debemos seguir remando e procurando o seu óptimo desenvolvemento. Este é o reto que temos por diante!

En canto ás comunicacións, que son fundamentais para calquera área industrial, albíscase a primavera como data de apertura do Orbital. Pero xa estamos pelexando polo chamado Orbitaliño para completar esta infraestrutura imprescindible, que ten un presuposto de 23 millóns de euros. Con todas as conexións e accesos funcionando, estaremos nunha posición inmellorable para atraer empresas aproveitando a centralidade de Santiago. Igualmente, xa estamos traballando coa Xunta na ampliación de solo industrial. Mirando sempre ao futuro!

José Fernández Alborés
Presidente


Pedra Salgada
CHEGAMOS ONDE OUTROS NIN SOÑAN
Servizos profesionais de limpeza
pedra salgada
Parque Empresarial de Sionlla, Rúa da Comunidade Valenciana, nº7
15707, Santiago de Compostela
Telf. 981 54 95 82 | Mób. 638 00 47 21 | www.pedrasalgada.com
Applus
ISO 9001

O centro de servizos innovadores do Biopolo Sionlla xa ten as súas primeiras confirmacións de reserva para a súa apertura a principios de ano

O seguinte paso será crear a área de infraestrutura de espazos industriais para empresas en crecemento e consolidación, contigua ao CSIEB, a través da iniciativa privada empregando a fórmula de cooperativa

Biopolo Sionlla é un proxecto creado para impulsar a biotecnoloxía galega e facer de Galicia un referente internacional no sector, a través dun modelo de colaboración público-privado que se materializa en infraestruturas adaptadas as súas necesidades e que se sitúa no parque empresarial da Sionlla en Santiago de Compostela.

O 16 de xaneiro de 2017 asínase o Acordo da Sionlla, unha iniciativa impulsada polos principais axentes socioeconómicos de Santiago para promover iniciativas de desenvolvemento económico e industrial, sendo unha das súas funcións a promoción, xestión e captación de investimentos para o Biopolo Sionlla –Polo Biotecnolóxico de Galicia, agora e de cara ao futuro.

Así xorde o proxecto Biopolo Sionlla, impulsado pola Asociación Área Empresarial do Tambre en colaboración coa Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, a Universidade de Santiago (USC) e a Cámara de Comercio de Santiago. É un proxecto industrial estratéxico para Santiago e Galicia, dividido e tres áreas: o **Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB)**, xa coa obra case finalizada, só pendente a urbanización da parcela, entrará en funcionamento a principios de 2023; a área de **infraestrutura de espazos industriais**; e a área de **solo industrial a disposición de empresas biotecnolóxicas**. Co enfoque de fondo da reindustrialización da cidade, e polo tanto o resto de Galicia, a biopolo dispón doutros impulsores como o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia (Bioga) e o Clúster Saúde de Galicia (CSG).

Roberto Graña, membro da Secretaría Técnica do 'Acordo da Sionlla' encargado de promover o Biopolo Sionlla, sinala que se trata dunha infraestrutura adaptada a empresas do sector, que xorde polo aumento do número de empresas biotecnolóxicas en Galicia. Para a promoción do CSIEB, Graña asistiu a Galicia Biodays, foro de referencia da industria biotecnolóxica e das ciencias da vida do Espacio Atlántico Europeo que se celebrou o pasado 23 d setembro no Palexco da Coruña.

Tamén o pasado 10 de novembro, celebrouse unha xornada técnica no Centro Empresarial do Tambre na que participaron unha vintena de empresas interesadas en coñecer o proxecto para valorar a súa incorporación, para o que oportunamente visitaron as obras do CSIEB.

Actualmente, a Secretaría Técnica do 'Acordo da Sionlla' xa recibiu algunha confirmación de reserva de empresas que queren instalarse no CSIEB, aínda que Roberto Graña asegura que seguen traballando na fase comercial de captación de empresas.

Edificio modular, tecnolóxico e eficiente de 2.500 metros cadrados con 18 laboratorios

O CSIEB, como primeira infraestrutura do Biopolo Sionlla, contou cun investimento de cinco millóns de euros, dos cales más de catro millóns e medios foron aportados pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), situado nunha parcela cedida polo Concello de Santiago a través de Uninova. O inmoble foi deseñado polo estudio de arquitectura IDOM Arquitectura, e a obra foi executada por SANJOSÉ Constructora.

Trátase dun edificio para a provisión de servizos especializados para empresas do sector biotecnolóxico en etapas de post-incubación. Entre os seus obxectivos destacan a xeración de sinerxías e economías de escala entre empresas, así como o desenvolvemento dun espazo para a innovación e a colaboración.

Os servizos ofertados polo CSIEB inclúen a utilización temporal de 18 laboratorios modulares para realizar actividades de I+D+i, en particular actividades de pre-produción, modelado, prototipado e análise de viabilidade da investigación realizada. Igualmente poderá acoller proxectos de empresas que xa superaran a fase de investigación/incubación e que entran na de pre-produción, así como a provisión de servizos auxiliares para o uso de equipamento compartido, complementado con outros de carácter transversal que proporcionará instalacións de uso común (despachos, salas de reunións, etc.). Así, convértese nun edificio tecnolóxico e eficiente de 2.500 metros cadrados con espazo para entre 18 e 22 empresas.

Segundo explica o arquitecto **Galo Zayas**, o obxecto do proxecto é xerar un edificio que atenda ás demandas de flexibilidade e especialización que ten un uso destas características. Para logralo, seguíronse unha serie de criterios funcionais e propúxose un edificio modular con todos os usos principais situados nunha única planta. A partir do módulo base, un laboratorio de 63 metros cadrados de superficie, proponse a súa agrupación en unidades de maior tamaño que permita adaptar o edificio ás demandas dos futuros usuarios. Os 18 laboratorios agrúpanse en catro corpos de cinco e catro laboratorios cada un, ordenados a ambos lados dun corredor central. Esta agrupación permitiría nun futuro agrupar unidades de laboratorio entre si, xa fosen dúas unidades para crear un laboratorio de 125 metros cadrados, ou tres unidades para xerar dous laboratorios de 93 metros cadrados. Cada un destes módulos ten unha altura libre de 445 centímetros entre a cota de solo acabado e a cara inferior da estrutura cuberta para facilitar a distribución no seu interior de todas as instalacións necesarias, permitindo que nun futuro se proceda a súa ampliación e/ou modificación. "Trátase dun edificio nunha única planta, máis flexible desde o punto de vista de servizos" –destaca–.

Todos os laboratorios contan cun cadro eléctrico independente para poder alimentar os equipos que se instalen, rack exclusivo para voz e datos, servizos a pé de laboratorio de gases inertes, tomas de auga, etc., así como preinstalación de extracción para vitrinas de gases, climatización e renovación do aire.

Como alternativas da distribución de laboratorios, xorde no extremo nordeste un laboratorio de equipamento compartido, onde está previsto que se poidan dispor aqueles equipos (espectrometrías, HPLC, multiángulo, centrífugas, etc.) cuxo uso vai ser compartido por distintas empresas, propietarias dos mesmos, que se instalen no edificio. Na zona central situaranse dúas oficinas previstas para ofrecer apoio de software ás empresas, e tamén dúas salas, de uso compartido, que albergarán a sala de cultivos celulares, a sala de centrífugas e a sala de auga destilada.

Complementando os dous corpos nos que se agrupan todos os laboratorios, o edificio terá unha terceira parte, situada na zona máis pública da parcela, inmediata ao acceso, na que se agruparán as áreas máis públicas e os servizos comúns: catro salas de reunións separadas con tabiquería modular que permite que se agrupen para xerar un espazo para encontros de maior tamaño, presentacións, etc. Tamén está prevista unha área de coworking e outra de descanso e networking que contará cunha terraza exterior para facilitar os intercambios informais entre os distintos usuarios, ademais de aseos, vestiarios, zona de servizos ofimáticos e oficina de xestión.

O CSIEB conta tamén cunha planta de semisoto onde se sitúa a sala de cámaras frías, con espazo suficiente para que cada unha das empresas poida dispor do espazo necesario para os equipos de conservación que requiran e que serán aportados por elas; unha sala de frío de 4º C; unha sala de almacenamento de reactivos que se dotará de armarios independentes para cada unhas das empresas implantadas no centro e que contará cun sistema de extracción individualizado; almacéns de consumibles; un local para residuos con acceso directo ao exterior; un local destinado ao almacenamento de gases inertes; un local previsto para o depósito de nitróxeno líquido; outro local previsto para a instalación de hidróxeno; e unha sala de lavado e esterilización do material utilizado polos laboratorios.

Zayas apunta que o proxecto seguiu tamén uns criterios estritos de integración, co fin de garantir unha axeitada implantación do edificio na súa contorna, que se pretende transformar nun novo campus de investigación. Para alcanzar este obxectivo, seguíronse dúas estratexias: a división do volume lonxitudinal e tratar a cuberta como unha quinta fachada. E desde o punto de vista da sostibilidade, o proxecto contempla un sistema de control solar en fachada, ventilación natural cruzada nas zonas públicas, plantación de árbores no exterior, iluminación natural, elevado illamento térmico na envolvente de fachadas e cuberta, e uso de materiais respectuosos co medio ambiente.

Crearase na segunda fase a figura do provedor para axudar as empresas instaladas no biopolo

O proxecto contempla unha segunda fase, chamada área de infraestrutura de espazos industriais, que se creará a continuación do CSIEB desde a iniciativa privada. Está pensada para a localización de empresas biotecnolóxicas que estean en fase de crecemento e/ou consolidación, con instalacións adaptadas as súas necesidades. Será unha zona contigua ao edificio de servizos do CSIEB (62.000 metros cadrados reservados en total). Contará con espazos de aproximadamente 500 metros cadrados adaptados aos requirimentos medioambientais, de seguridade, etc., esixidos para empresas biotecnolóxicas; a preinstalación de laboratorios con auga, electricidade, gases técnicos, ventilación e extracción, residuos ou mobiliario de laboratorio; sistemas avanzados de comunicacións de voz e datos; zonas de oficinas para o persoal; e áreas de carga e recollida de mercadoría.

Para alcanzar este obxectivo, crearase unha cooperativa para poder facer a promoción da obra e construír segundo as necesidades de cada empresa. Xa hai unha empresa do sector farmacéutico interesada en comprar 11.000 metros cadrados, pero indicou especificamente que estará fóra desta cooperativa. Ademais, nesta segunda fase crearase o provedor do Biopolo, figura destinada a axudar ás empresas instaladas no polo.

Nunha terceira fase, darase forma ao solo industrial a disposición de empresas biotecnolóxicas, pensado para aquelas empresas que queiran instalar os seus centros de produción no parque empresarial. Contará con localización na contorna das grandes infraestruturas do biopolo, e ofrecerá a opción de usar os servizos prestados polo CSIEB, cunha inmellorable comunicación por estrada, ferrocarril e avión con outras cidades españolas e europeas.

LA RAYUELA

imaxe de marca • deseño gráfico

Ramón Cordido | 639 660 679

DANOAL

Carpintería de Aluminio y PVC

VENTANAS
PUERTAS
GALERÍAS
BALCONES
PORTALES SECCIONALES
PORTALES CORREDERA
PERSIANAS
MOSQUITERAS
MAMPARAS BAÑO
VIDRIOS

Casas de Rego Nº 8 A - Bajo, (Ctra. de Figueiras), 15705 Santiago de Compostela

Telf./Fax 981 52 67 52 - Móvil 636 033 784

carpinteriadanoal@gmail.com

RAMÓN LOIS

Secretario da Xunta Directiva da Asociación Área Empresarial do Tambre

"O máis difícil do proxecto foi lograr credibilidade"

O biopolo nace a raíz da "imperiosa necesidade" de reindustrializar Santiago e oriéntase cara a biotecnoloxía pola súa fortaleza no eixo universidade-cidade, segundo explica Ramón Lois, secretario da xunta directiva da Asociación Área Empresarial do Tambre. "O máis difícil do proxecto inicial foi lograr credibilidade. De feito, en canto se constituíu a Mesa da Sionlla, foi máis levadeiro en todas as frontes institucionais. O Concello apoiouno economicamente desde o primeiro momento, mentres que a intervención da Xunta, particularmente a da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, foi determinante para que collese pulo" tal como explica Lois, coñecedor da traza do proxecto.

Co Centro de Servizos Avanzados construído, o futuro pasa por captar empresas que se vaian asentando alí. "Son unhas instalacións de primeiro nivel e adaptadas ás necesidades do tipo de actividade que realizan as empresas do sector, grazas a que se fixo co acaído asesoramento do comité científico do proxecto. Hai varias empresas que xa fixeron reserva ou manifestaron a súa intención de establecerse no biopolo. A Axencia Galega de Innovación –GAIN– está axudándonos na procura de fórmulas que faciliten o asentamento de empresas. Cómpre sermos optimistas, pero sempre cos pés na terra", conclúe.

O directivo do Tambre quere destacar que sen Alborés, o presidente da asociación, "este proxecto non sería posible"; e igualmente agradece a "extraordinaria implicación e labor" do xerente, José Manuel Beceiro.

Hermo

ÓPTICA

Marcas exclusivas,
diseños exclusivos

DÉJATE ASESORAR POR LOS QUE MÁS SABEN DE GAFAS

www.opticahermo.com

Santiago
Xeneral Pardiñas, 3
15701 Santiago
Tel. 981 595 259

Bertamiráns
Avenida da Mahia, 60
15220 AMES A Coruña
Tel. 981 890 270

Lestedo
Avenida do 26, 46
15881 Boqueixón
Tel. 981 502 363

Construyendo ecosistema

Hace unos años escuché a la entonces Ministra de Ciencia e Innovación, Cristina Garmendia, un comentario sobre la dificultad de construir ecosistemas alrededor de un sector altamente especializado como el de la biotecnología. Decía, muy acertadamente, que no era suficiente con disponer de financiación, ya que más allá de lo que la financiación sí puede conseguir, que no es poco, hacen falta muchos otros ingredientes, como una base científica sólida –que lleva años construir, aunque se disponga de financiación abundante–, profesionales con experiencia, infraestructuras, inversores… y, sobre todo, colaboración y sinergias entre los distintos actores del ecosistema, que desde luego no se generan sólo con dinero. Igual que en un ecosistema natural, el equilibrio entre sus elementos es el punto clave.

El nuevo Biopolo de A Sionlla se plantea como un elemento más, muy relevante y me atrevería a decir que necesario dentro del incipiente ecosistema de biotecnología de Galicia. Nuestro país lleva años apostando por este sector, de una manera más estructurada desde 2016, con el lanzamiento de la Estrategia Gallega de Impulso a la Biotecnología 2016-2020, renovada recientemente en la Estrategia de Consolidación del sector Biotecnológico de Galicia 2021-2025. Se trata de un sector muy transversal, con aplicaciones en distintos ámbitos económicos, desde salud y alimentación hasta acuicultura o procesos industriales. Un sector por tanto relevante para Galicia, con un fuerte componente de I+D+i y con necesidades específicas en cuanto a dinámicas de financiación, talento e infraestructuras. Y es aquí donde el nuevo Biopolo de A Sionlla aporta valor, ofertando espacios y servicios especializados para acoger a empresas biotecnológicas una vez superadas sus fases iniciales de incubación. No es un tema menor, ya que este tipo de infraestructuras no abundan en nuestro entorno y son indispensables para que las empresas puedan crecer, y contribuir así a configurar un ecosistema rico, con start ups y spin offs, pero también con empresas consolidadas que puedan ejercer un efecto tractor.

Si queremos construir un verdadero ecosistema biotecnológico en Galicia necesitamos muchos ingredientes, entre otros, masa crítica de investigadores y empresas, capacidad de atracción de talento experto y financiación pública y privada. Es una muy buena noticia que en esta compleja receta contemos ya con uno de los ingredientes clave: el Biopolo A Sionlla.

Sonia Martínez Arca

CEO Celtarys Research

Integrante del Comité Científico Biopolo A Sionlla

Agasalla no Nadal unha xoia de Isabel Suárez Joyería, pezas únicas de fabricación propia feitas con materiais nobres!

Isabel Suárez Joyería abriu o seu primeiro establecemento en 2004, froito da creatividade e actitude emprendedora da súa directora Isabel Suárez, que dirixe a compañía ademais de deseñar e fabricar as xoias utilizando os procesos máis artesanais e tradicionais. Actualmente, conta con tres establecementos en Ames e Santiago de Compostela, cidade na que conta cunha tenda obradoiro na Praza das Praterías onde imparte cursos e experiencias para que empresas e particulares poidan desfrutar fabricando a súa propia peza de prata ou de ouro.

Ademais da venda tradicional, Isabel Suárez Joyería ten unha páxina web –https://isabelsuarez.es/– onde vende en liña os seus deseños, así como presenza en redes sociais (Instagram: isabelsuarezjoyeria e atelierisabelsuarez) para achegar a súa marca ao público. Isabel Suárez loita por seguir medrando e mesmo comezou a organizar exposicións fóra de Galicia coas súas colección de ouro e diamantes.

Deseña pezas únicas, con personalidade e identidade propias, empregando materiais nobres (ouro, prata de lei e pedras preciosas naturais), poñendo as pezas ao alcance de todos os clientes. Ademais, crea xoias personalizadas segundo os esbozos facilitados polos seus clientes grazas ao gran traballo dun equipo composto por seis profesionais que a acompañan no seu universo creativo. En concreto, atende moitos encargos de empresas que lle solicitan un agasallo de xoiaría para xubilacións, experiencias de agasallos de Nadal, pins de logos, reloxos gravados, pezas conmemorativas ou medallas e trofeos para eventos deportivos.

O impulso creativo de Isabel Suárez vai moito máis alá, e durante o confinamento da covid-19, a empresaria deseñou unha pulseira solidaria de prata – en forma de corazón e coa mensaxe inscrita "unidos venceremos"– para recadar fondo para o Instituto de Investigación de Santiago (IDIS) en apoio á investigación sanitaria.

Todo este traballo fíxoa merecedora do diploma de certificación de Galicia Calidade polas súas colecciónS Coralia e Infinity, que recibiu de mans do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Emprego e Innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde, o pasado ano. Pero Isabel Suárez tamén saca tempo para implicarse e traballar a prol do sector desde entidades como o Gremio de Xoieiros da Coruña, da que é presidenta desde 2017, e o Colexio Profesional de Xoiaría de Galicia, onde desempeña o cargo de tesoureira desde 2018.

Isabel Suárez
Joyería

General Pardiñas, 3
Praza de Praterías, 1
SANTIAGO DE COMPOSTELA

C. C. Novo Milladoiro
MILLADOIRO (AMES)

Tel.: **654 71 77 90**
981 94 23 75

www.isabelsuarez.es

Biotecnoloxía, a aposta da Xunta na Sionlla

Resulta moi satisfactorio ver como avanza e colle forma o polo Biotech da Sionlla, materializando así a vocación de converter este polígono promovido pola Xunta nun centro de aplicación práctica dos avances realizados en Galicia neste eido.

Foi en 2015 cando o Goberno galego, o concello de Santiago de Compostela e a Asociación Área Empresarial del Tambre asinamos un convenio para promover o asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento, considerando prioritarios os sectores da rehabilitación de inmobles e o da biotecnoloxía. Só un ano despois xa era posible a adxudicación de solo en dereito de superficie, co pago dun reducidísimo canon anual.

En 2017 nacía o Biopolo Sionlla, baseado nun modelo de colaboración público-privado e creado, precisamente, para impulsar a biotecnoloxía galega, na que cómpre destacar o liderado da Universidade de Santiago en investigacións punteiras.

É así como Xunta, concello, USC, Cámara de Comercio e Asociación Empresarial del Tambre veñen unindo esforzos para situar a Galicia á vangarda e convertela nun referente internacional.

En todo este tempo non se deixou de dar pasos cara a adiante. Hoxe, estase a materializar o inmoble que albergará o edificio de servizos, grazas a unha subvención do Goberno galego e á cesión do solo por parte do concello. Asemade, as empresas do sector contan, tamén, con terreos reservados para o seu uso cando consideren necesario establecer as súas actividades en instalacións propias.

Para ese fin reservamos sete parcelas neste parque empresarial, cunha superficie total de preto de 64.000 metros cadrados, emprazadas moi próximas ao edificio de servizos e que, en pouco tempo, contarán con acceso directo a AP-9 e á autovía que leva ao aeroporto.

Só falta para iso que o Goberno central remate a conexión do orbital, posto que a Xunta xa fixo o seu traballo e a conexión do parque, tanto co orbital como coa N-550, está executada como unha autovía de dous carrís en cada sentido. O seu remate permitirá o acceso directo á autoestrada e á autovía. Unido a isto, a futura conexión coa estrada nacional mellorará de forma substancial o acceso ao polígono do Tambre.

Estamos, pois, satisfeitos coa progresión nos traballos que converterán a Sionlla no epicentro da biotecnoloxía galega; pero somos conscientes, tamén, de que aínda queda camiño por recorrer. Como ata o de agora, seguiremos empregando a mesma fórmula, a da colaboración e a da suma de esforzos, pois é así como se acadan os mellores resultados.

Ángeles Vázquez Mejuto

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
da Xunta de Galicia

MERCA AQUÍ
LEVA COMPOSTELA NO CORAZÓN

BONOS CORAZÓN COMPOSTELA

Se tes un **comercio** ou un local de **hostalería abónate á campaña**.
Se es **cliente** troca o teu bono.

CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA 2021 2022 AÑO SANTO

+info: bonoscorazoncompostela.gal

Medio cento de ideas empresariais participaron no proxecto europeo Spin UP

Presentáronse propostas dos sectores da alimentación, industria creativa, TIC, turismo e saúde

Preto de 50 proxectos, relacionados coa alimentación, a industria creativa, o sector TIC, o turismo e a saúde, estiveron apoiados polo proxecto europeo **Spin UP**, 22 deles xa constituídos como empresas a finais do mes de xuño e as restantes en proceso de facelo. Este proxecto está enmarcado no Programa INTERREG V-A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020 no eixo prioritario 2 de "crecemento integrador a través dunha cooperación transfronteiriza a favor da competitividade empresarial". Está liderado por Uninova (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras), e conta coa participación como socios do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a Asociación Área Empresarial do Tambre , a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, a Universidade do Porto e a Associação Nacional de Jovens Empresários (ANJE).

O obxectivo principal de Spin UP foi a creación de empresas a partir da transferencia de tecnoloxía e coñecemento no espazo de cooperación, mediante o encontro entre o tecido produtivo e a oferta dos axentes xeradores de coñecemento. Permitiu tamén a creación dunha base de datos con patentes e resultados de investigación, que están publicados na web **https://spinup-project.eu/**. Por outra parte, Spin UP posibilitou a posta en marca dunha rede de empresas e mentores entre Galicia e o Norte de Portugal.

Por outra banda, o Biopolo Sionlla posibilitará seguir adiante cos logros do proxecto europeo Spin UP. A Asociación Área Empresarial do Tambre destaca que o Spin UP foi unha ferramenta moi útil e complementaria para o Biopolo, que será unha realidade en xaneiro de 2023, "un espazo no que as empresas poidan consolidar a súa proxección e atopar os servizos necesarios para crear unha mancomunidade e, desde aí, facer empresa para o resto do mundo".

No marco do proxecto Spin Up, a Asociación Área Empresarial do Tambre editou unha **guía informativa** na que se recollen o medio cento de ideas empresariais que forman parte do proxecto europeo Spin UP. A guía, dispoñible en papel e en dixital e en dous idiomas –castelán e portugués–, detalla a actividade de cada empresa ou proxecto empresarial, o nome do seu promotor, a súa imaxe corporativa e o contacto, e nalgúns casos mesmo se inclúe unha entrevista co responsable do proxecto.

Un 64% dos participantes no Programa Integrado de Emprego 2021/22 da Asociación conseguiron a súa inserción no mercado laboral

O programa, do que xa se aprobou a concesión da edición de 2022/2023, está financiado pola Xunta con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal, a través do servizo de Programas Mixtos da Dirección Xeral de Formación e Colocación

A Asociación Área Empresarial do Tambre desenvolveu con éxito unha nova edición do Programa Integrado de Emprego 2021/22. O programa está financiado pola Xunta de Galicia con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal, a través do servizo de Programas Mixtos da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Nesta última edición, que finalizou o 21 de novembro, a Asociación traballou con 100 participantes, mozos e mozas menores de 30 anos con baixo nivel de estudos e mulleres desempregadas con diferentes niveis formativos. Con 64 inserciónns efectivas, é dicir, case máis da metade dos/as participantes traballaron un período de 90 días durante o transcurso do programa, superouse con creces o obxectivo marcado pola Xunta de Galicia. "Este ano cumprimos o obxectivo tres meses antes que na anterior edición" –sinalan desde o departamento de Orientación e Prospección para o Emprego da Asociación–. Ademais, nove participantes non cumpriron cos criterios de programas mixtos, pero sumarán tres meses de traballo antes de rematar 2022, polo que a finais de ano acadaranse 73 inserciónns derivadas do PIE.

A Asociación tamén destaca que 90 das 100 persoas participantes tiveron oportunidade laboral a día de hoxe, con alta na Seguridade Social. Xestionáronse máis de 200 contratos de traballo, na súa maioría indefinidos ou fixos-discontinuos. Os sectores con máis inserciónns foron atención á clientela, loxística e almacén, persoal operario, limpeza, hostalería e administración.

Os resultados obtidos veñen derivados dun traballo personalizado con cada participante nas sesións individuais de orientación, onde se ofrece acompañamento, adestramento de habilidades sociolaborais, preparación para procesos selectivos, sesións de *coaching*, envío diario de ofertas, etc.

Este labor terá a súa continuidade o vindeiro ano coa posta en marcha dunha nova edición do programa para 2022/2023 coa que se agardan repetir os éxitos acadado este mesmo ano.

Vinte e tres cursos presenciais e en liña e prácticas profesionais para vinte persoas en almacenaxe, atención á clientela e limpeza

O programa, que comezou en novembro de 2021, contou tamén cunha dimensión formativa. Realizáronse tres itinerarios formativos nos sectores do almacenaxe, atención á clientela e limpeza, ademais doutra formación complementaria enfocada na adquisición de habilidades sociolaborais e outras competencias básicas para desenvolverse no mercado de traballo actual.

Impartíronse 23 accións formativas do catálogo do Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE), tanto en modalidade presencial como en teleformación, que sumaron 648 horas, ademais de outras accións formativas que en conxunto suman case un total de 1.000 horas de formación impartida.

Outra cuestión que se traballa no programa é a realización de prácticas profesionais non laborais en empresas da contorna para que os participantes adquiran habilidades e hábitos de traballo. Nesta edición, xestionáronse prácticas para vinte persoas asociadas á formación de almacenaxe, atención ao cliente e limpeza, das cales xurdiron diversas oportunidades laborais.

SOLUCIONES INFORMÁTICAS PARA LA EMPRESA

DESDE 1993 AL LADO DE LAS EMPRESAS

Soluciones Contables
Soluciones para Almacenes con Trazabilidad
Soluciones Empresas Extintores
Soluciones en alquiler de andamios
Y más...

Rúa Hedras, 4, puerta 2B
15895 O Milladoiro
A Coruña

T. 981 573 233 - F. 981 573 351
www.microven.net

microven

soluciones informáticas

Central
Pol. Costavella, R/ Eslovaquia, 8
Santiago de Compostela - 15707
981 519 800 981 519 801
info@bricosyl.es

Boiro
Vilariño, 110
Boiro - 15991
Telf: 981 846 595
email: tienda2@bricosyl.es

A Coruña
Pol. La Grela, C/ Severo Ochoa, 15
Coruña (A) - 15008
Telf: 981 174 183
email: tienda4@bricosyl.es

Santiago de Compostela
Avda. Villagarcía, 24
Santiago de Compostela - 15706
Telf: 981 531 882
email: tienda5@bricosyl.es

Ferrol
Avda. de Viveiro, 5 (Plza. Infierniño)
Ferrol - 15403
Telf: 881 933 982
email: tienda6@bricosyl.es

Vigo
Ctra. Camposancos, 30
Vigo - 36213
Telf: 986 213 762
email: tienda3@bricosyl.es

WWW.BRICOSYL.ES

BRICO SYL®
Tus tiendas de pintura

REDESYL
revestimientos

Vía Pasteur, 5 - Polígono del Tambre • Telf. 881 956 344 - Fax 981 938 984
15890 Santiago de Compostela (A Coruña) • E-mail central@redesyl.es

www.redesyl.es

A Asociación agarda a notificación do Concello de Santiago sobre a viabilidade da futura área de servizos da contorna empresarial

O proxecto desenvolverase na parcela contigua á sede empresarial e permitirá a conciliación dos traballadores cunha gardería, unha zona de servizos médicos e espazos de *coworking*

A Asociación está a traballar na construción dunha área de servizos para a zona empresarial que complete as instalacións da sede do Centro Empresarial do Tambre, e que permita facilitar a conciliación ao persoal que traballa nas empresas. Trátase de poñer en marcha unha gardería, unha zona de servizos médicos, fomentar a colaboración empresarial con espazos de *coworking*, entre outras accións. Xa enviada a proposta ao Concello de Santiago, a Asociación agarda a súa notificación e posible confirmación da súa viabilidade para comezar a executar o plan.

O proxecto desenvolverase na parcela contigua á sede da Asociación, que consta de 7.500 metros cadrados de superficie e unha edificabilidade total de 11-12.000 metros cadrados. Vertébrase en dous grandes eixos socioeconómicos:

-Instalarase unha gardería infantil (0-3 anos) de aproximadamente 50 prazas, que permitirá a conciliación aos traballadores da área empresarial. Non será unha gardería típica de barrio, senón que terá un deseño singular e moi especializado na funcionalidade.

-Desenvolvemento da actividade socioeconómica, a través de diferentes servizos para asociados e traballadores, cunha serie de infraestruturas que autofinancien o proxecto e sirvan para o desenvolvemento de novos proxectos sociais da propia Asociación. Deseñaranse fluxos de tránsitos, aparcadoiros, área comercial, área sanitaria, área ecolóxica e, por último, unha área de emprendemento e coworking.

Ademais, preténdese conectar as distintas zonas con sendas peonís construídas nos espazos verdes, e xerar zonas de recreo e paseo, e mellorar as conexión da área empresarial coa cidade e zonas de residencia limítrofes a través do transporte público, para o que xa se está a traballar co Concello.

40 AÑOS
CONTIGO
1983 - 2023

DECORACIONES
RODRIGUEZ
DECORACIONESRODRIGUEZ.ES

40 AÑOS DANDO COLOR A TUS SUEÑOS

Pinturas
Exteriores e Interiores.

Papel
Pintado, Murales y Recubrimientos Vinílicos.

Fachadas
SATE, Morteros, Hidrófugos y Tejados.

Suelos
PVC, Moquetas y Corcho.

Barnices O Lacados
Recubrimientos de Barnices o Lacados Acrílicos.

Buscamos Soluciones
Buscamos nuevas soluciones y materiales.

Edificio Cristal, Portal 3, Bajo 15888, Sigueiro,
Santiago de compostela, A Coruña

info@decoracionesrodriguez.es
T. 981 691 551

WWW.DECORACIONESRODRIGUEZ.ES

Santiago de Compostela avanza na Axenda Urbana 2030: diversificación económica e aposta pola biotecnoloxía

As cidades enfróntanse a retos compartidos para cumprir os obxectivos do milenio con distintos instrumentos e marcos de acción, entre os que destacan, pola súa importancia, as Axendas Urbanas e as Axendas 2030, Santiago de Compostela está a abordar a súa Axenda Urbana 2030, un documento no que se establece o marco de referencia estratéxica de Santiago de Compostela para a vindeira década, tendo esta como un dos seus retos principais a ampliación da base económica da cidade, A diversificación da economía é un reto importante para a consecución dunha estrutura produtiva máis equilibrada e forte ante choques inesperados que afecten a algún dos actuais motores económicos da cidade. A diversificación na estrutura produtiva require da aposta por condicións excelentes tanto para a atracción e instalación de novas empresas coma para o crecemento das empresas xa instaladas no territorio municipal e que contan cun notable potencial de expansión futura.

O Goberno Municipal aposta pola biotecnoloxía como sector' de crecemento da base industrial, unha estratexia que a través de proxectos como o Biopolo busca aliñar a actividade económica do territorio coa actividade formadora e investigadora da Universidade de Santiago de Compostela ecos proxectos e necesidades de crecemento do sector da biotecnoloxía en Galicia.

O Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas (CSIEB) que ese está construíndo nunha parcela cedida polo Concello de Santiago, a través de Sionlla Biotech. Constitúe unha peza fundamental do proxecto de Biopolo que ten como finalidade impulsar a investigación no eido da biotecnoloxía que se desenvolve en Santiago, afianzándoa e asentándoa na cidade, para que xere tecido industrial na contorna.

Un proxecto que se dotou e se está dotando de es pazo e medios suficientes para que sexa un referente a nivel nacional e internacional, é que á vez, sexa capaz de reter o investimento empresarial e o talento que xeran as universidades galegas, O Concello de Santiago está fortemente comprometido con este proxecto, coa cesión da parcela no que se está a construír a través dunha declaración de interese xeral aprobada polo Pleno da

Corporación; así como subvencionando e financiando nos seu día os diferentes proxectos e estudos necesarios para a súa posta en marcha, Seguiremos ademais apoiando a través dun convenio de colaboración esta iniciativa para facilitar o equipamento do centro, que está chamado a ser un orgullo para toda a cidadanía de Compostela.

Temos que agradecer como corporación o labor, o esforzo, a constancia e enerxía do empresariado do Tambre e da súa asociación; claves para o éxito desta iniciativa coa que temos a vontade de seguir colaborando nun proxecto de futuro que axuda a construír tecido empresarial cunha forte compoñente tecnolóxica, cun alto grao de innovación no que a mocidade de Santiago de Compostela poida construír o seu futuro en Santiago.

Xosé Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela

MIN



MEN

TELEFONOS	Horario atención:	INTERNET:	Social Media:	DIRECCIÓN POSTAL:
(+34) 981 431 461 (+34) 686 226 287	de 09:00 a 19:00h (CET)	www.min.gal, info@min.gal	https://n9.cl/sistemasmin https://n9.cl/redesmin	Montajes Informáticos del Noroeste, S.L. Rúa Hábitat, Nº8, 15172 | Oleiros, A Coruña

Emprender en Galicia ya no es cuestión de género

La actividad emprendedora es, sin duda, una de las claves de la economía. Poner en marcha nuevas iniciativas empresariales no solo aporta valor a la economía de un país, sino que mejora la vida de las personas y de la sociedad en su conjunto. En Galicia, el nivel de emprendimiento medido por las iniciativas de 0 a 42 meses (TEA) se situaba en en 4,8% en 2021, superando la población femenina con una TEA del 5,3% a la masculina 4,4% de la población masculina. Este comportamiento es ya una constante desde 2017, y se intensifica en los momentos de crisis, en los que las mujeres continúan con su intención emprendedora, mientras que en el caso masculino las iniciativas quedan en mayor medida en suspenso hasta la mejora de la situación económica, son por tanto, comportamientos pro-cíclicos.

Los cambios culturales y la mejora del nivel educativo de la población gallega se reflejan también en el perfil de las personas que emprenden. Observamos que, en todas las fases del proceso emprendedor, la formación profesional (FP) de grado superior y la universitaria cobran protagonismo. Entre las iniciativas que recoge la TEA (recordemos, menos de 3 años y medio de vida), el 23% son lideradas por personas con FP superior, el doble de lo que esta formación representa en las empresas consolidadas. La educación universitaria por su parte continúa ganando peso a lo largo del tiempo, pasando del 26% del total de empresas consolidadas al 29% en el TEA y al 31% en el caso de iniciativas potenciales. Existen sin embargo ligeras diferencias por género, siendo mayor el número de iniciativas lideradas por mujeres con niveles educativos más bajos, iniciativas que suelen ser menos innovadoras y ambiciosas en cuanto a crecimiento. La digitalización cobra también un papel importante en la actividad emprendedora. Un 78% de las iniciativas han adoptado algún tipo de tecnología digital, si bien no ha sido tanto por causa de la pandemia ya que en una gran parte de los casos (43%) habían planificado adoptar dichas tecnologías con anterioridad a la crisis sanitaria. Es sorprendente, sin embargo, que un 20% de los nuevos emprendedores masculinos y un 24% en el caso femenino consideren que no precisan tecnologías digitales, y que por tanto no tienen previsto adoptarlas. Este, junto a la creciente internacionalización de nuestras empresas (28% de las nuevas iniciativas nacen con vocación exportadora) es uno de los elementos clave en la competitividad empresarial, trabajar ambos aspectos, así como la ambición de crecimiento de las iniciativas emprendedoras es clave para el desarrollo de Galicia.

Isabel Neira
Directora Técnica GEM-Galicia

Distinción á traxectoria de oito empresas asociadas durante os últimos 25 anos

Balado y Torres, Compostelana de Carnes, Grúas Tambre, Radiadores Compos Ordóñez, Redesyl, Rodamientos e Hidráulica Gallega, Rodiauto e Talleres Antonio Vigo

A Asociación homenaxeou este ano a oito empresas que cumpriron vinte e cinco anos na asociación do polígono industrial. As compañías distinguidas foron **Balado y Torres**, **Compostelana de Carnes**, **Grúas Tambre**, **Radiadores Compos Ordóñez**, **Redesyl**, **Rodamientos e Hidráulica Gallega**, **Rodiauto e Talleres Antonio Vigo (TAVIGOSA).** Distínguese a capacidade de traballo que, ao menos, durante vinte e cinco anos veñen realizando as oito empresas desde as súas naves no Polígono do Tambre.

A festa do asociado, que se celebrou o pasado 14 de decembro no Centro Empresarial do Tambre, foi presentada polo vicepresidente da AAET, **Manuel Nieto**. O acto estivo presidido polo presidente da Asociación, **José Fernández Alborés**, e contou coa asistencia de diversas autoridades, como o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **Francisco Conde**; o alcalde de Santiago, **Xosé A. Sánchez Bugallo**; e o deputado provincial da área de Promoción Económica da Deputación da Coruña, **Blas García**; ademais doutras autoridades locais e representantes das empresas distinguidas.

A pesar destes tempos convulsos da actualidade, protagonizados pola invasión de Ucraína, os elevados prezos enerxéticos e unha desbocada inflación, Alborés puxo o foco na continuidade da vida e, por suposto, do traballo dos empresarios que "debemos seguir alerta para crear emprego, riqueza e progreso".

Nun momento tamén de votar a vista atrás, Alborés felicitou á clase empresarial que este ano recibe a homenaxe por cumprir 25 anos no polígono. Ademais, o presidente puxo en valor o traballo da Asociación empresarial que contribúe, como actor principal, a mellorar a contorna e abordar con éxito servizos comúns.

"Esta unidade de acción permitiunos ser ambiciosos e liderar a creación de Biopolo Sionlla, cuxa inminente inauguración será como un singular agasallo de Reis" –engadiu–. Coa colaboración "imprescindible" da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago, así como da Universidade de Santiago e a Cámara de Comercio, sinalou que se conseguiu a fortaleza necesaria para que o Biopolo sexa hoxe unha realidade, "feito do que debemos estar orgullosos aínda que procurando o seu desenvolvemento óptimo".

Facendo un repaso polas infraestruturas da cidade, Alborés lembrou que xa se divisa a primavera como data de apertura do orbital, aínda que mencionou que desde a Asociación séguese pelexando polo orbitaliño para completar esta comunicación. "Con todas as conexións e accesos funcionando, estaremos nunha posición inmellorable para atraer empresas, aproveitando a centralidade de Santiago" –asegurou–. Tamén engadiu que desde a Asociación xa se está traballando coa Xunta de Galicia na ampliación de solo industrial.

Blas García resaltou a aposta do polígono por 'Sionlla Biotech' e lembrou que fai uns meses a Asociación falou coa Deputación deste proxecto que uniu os esforzos das Administracións públicas, "polo que se debe poñer en valor o traballo do polígono do Tambre", un dos primeiros que crea postos de traballo e empresas sendo referente en Galicia.

Francisco Conde destacou que, tanto os premiados como o resto de empresas do polígono, fan do Tambre, o "pulmón industrial de Santiago de Compostela" e sinalou a pegada industrial deste parque empresarial que conta con preto de 600 empresas que xeran uns 7.000 empregos directos. Ademais, o conselleiro resaltou a visión da Área Empresarial do Tambre para seguir captando investimentos para este parque empresarial, e lembrou tamén o traballo realizado no 'Sionlla Biotech', o futuro espazo de 6.500 metros cadrados reservados para empresas en biotecnoloxía que será unha realidade grazas ao traballo conxunto coa Asociación Área Empresarial do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago, a USC e o Concello de Santiago.

Finalmente, o alcalde ofreceu os seus parabéns as empresas homenaxeadas e sinalou que a innovación, intelixencia, traballo e competitividade son a clave de futuro para que Galicia e Santiago e as áreas empresariais sigan crecendo.

Asociación Área Empresarial do
TAMBRE
cto de Homenaxe ao Asociado 2022

2022

Balado y Torres

Balado y Torres é unha empresa dedicada á carpintería metálica e á cristalería, que nace en 1995 e evoluciona grazas á calidade dos seus produtos combinado coa última tecnoloxía e a atención ao cliente, que a fixeron merecedora da confianza de todos os seus clientes ao longo destes anos.

Desde a Vía Isaac Peral, 33 do polígono do Tambre, a dirección da empresa, consciente da importancia que a calidade e o medio ambiente ten en todos os aspectos da empresa, lánzase ao reto de certificación nas Normas UNE-EN-ISO, 9001:2008 e 14001:2004 co fin de establecer unha política axeitada ao propósito, natureza, magnitude e impactos medioambientais para establecer e revisar obxectivos de calidade e metas medioambientais.

Compostelana de Carnes

Compostelana de Carnes sitúase na Vía Édison 13 do polígono do Tambre. Fundada en 1997, a actividade do Matadero Santiago céntrase no sacrificio de gando vacún, porcino e ovino, cunha vintena de empregados no seu cadro de persoal.

TALLERES VAAMONDE

ELECTRICIDAD Y MECÁNICA DEL AUTOMÓVIL

Rúa Villar Granjel, 38 - Pol. do Tambre
Boisaca - Santiago de Compostela
talleres.vaamonde@adgruporegueira.es

Tfno.: 981 52 69 44
653 07 20 25

Grúas Tambre

Grúas Tambre iniciou a súa andadura no ano 1997 no polígono industrial do Tambre coa intención de descentralizar a montaxe e servizo posvenda de Industrias Guerra S.A., cuxa sede está en Vila de Cruces (Pontevedra), empresa líder de fabricación propia de grúas forestais e mariñas de España que alcanzou recentemente o seu 70 aniversario.

Así, Grúas Tambre pasou a ser un centro de referencia para a montaxe e reparación das diferentes grúas sobre camións, semirremolques e tractores no sector forestal, así como en barcos mexilloneiros e de pesca no sector mariño.

Elixiu o polígono do Tambre debido a súa situación estratéxica pola súa proximidade ás instalacións de importantes empresas madereiras, así como ás vías de acceso da AP-9 que facilitan a chegada aos diferentes portos de mar en que Guerra está presente.

Radiadores Compos Ordóñez

A empresa foi fundada no ano 1952, pero é en 1978 cando José Seoane Puig se pon ao seu cargo, xa que naquel momento a empresa tiña sede no centro de Santiago, na rúa Neira de Mosquera. É en 1996 cando se traslada ao polígono do Tambre –Cidade do Transporte, B, número 111–, e prodúcese o cambio de domicilio e de razón social. A empresa pasa a ser a actual Radiadores Compos Ordoñez, S.L.

A empresa realiza reparación e venda de todo tipo de radiadores, tanto de automóbiles como de maquinaria industrial ou agrícola, e tamén se dedica á reparación e limpeza de catalizadores e filtros de partículas.

Redesyl

Redesyl nace en Boiro, en xaneiro de 1985, como empresa de rehabilitación, revestimentos e impermeabilizacións. A súa delegación central está no polígono do Tambre, na Vía Pasteur 5, onde se atopa a oficina técnica e administrativa e o almacén de material das obras.

A súa traxectoria, de máis de trinta anos, deulle a oportunidade de coñecer a fondo as esixencias do sector, e mellorar e aportar solucións baseadas nunha alta especialización. Actualmente, realiza traballos de colocación de Sistema de Illamento Térmico polo Exterior (SATE) en fachadas de edificios, tanto de obra nova como rehabilitación. Cabe destacar a importancia da rehabilitación en edificios, como é o SATE, xa que permite un gran aforro enerxético e mellora a eficiencia das vivendas, beneficiando desta maneira ao medio ambiente. Como apoio á actividade que desenvolve e a outros profesionais, conta co persoal necesario para a realización dos proxectos máis importantes e cos provedores líderes do sector, como Caparol, Sika e STO Ibérica, dispoñendo de certificados de aplicador homologados.

En Redesyl, capacidade, calidade e tempo conforman as claves da filosofía de traballo. Isto, unido á esixencia do mercado da construción en acabados e materiais, converteu á empresa nun punto de referencia para grandes clientes e particulares. Este compromiso, levou á sociedade a traballar en todo o territorio español executando obras en Galicia, Asturias, Castela A Mancha, Castela e León, Cantabria, País Vasco, Madrid, Valencia, Andalucía, Illas Baleares e Illas Canarias.

A empresa está decidida a alcanzar os seus obxectivos mantendo os estándares máis elevados de responsabilidade social. Ademais, considera que as persoas e a innovación son a alma da súa estrutura, e a clave do seu servizo é a atención ao cliente. Grazas ao uso e desenvolvemento constante de tecnoloxía e servizos de conformidade coas mellores prácticas nos mercados da construción, Redesyl está en condicións de cumprir esta promesa.

Rodamientos e Hidráulica Gallega

Rodamientos e Hidraúlica Gallega, S.L. (ROEHIGAL) cumpre este ano o 25 aniversario da súa instalación no Polígono do Tambre, na rúa da Cidade do Transporte D, 27. Lonxe queda xa ese 1 de xuño de 1988 cando comezaron coa súa andaina na rúa de Salgueiriños cunha proposta en subministración dirixida á industria en xeral e maquinaria de obras públicas. O seu xerente, Juan Manuel Martínez, fai partícipes tamén aos seus clientes, que grazas ao seu coñecemento e esixencia nos fixo ser máis competitivos, e aos provedores pola súa profesionalidade ao atender e entender as demandas da empresa. "Grazas pola vosa confianza e fidelidade, e grazas a todo por facer realidade o noso proxecto" –indica–.

SUVE

PROGRAMA KIT DIGITAL COFINANCIADO POR LOS FONDOS NEXT GENERATION (EU) DEL MECANISMO DE RECUPERACIÓN Y RESILIENCIA

red.es KIT DIGITAL

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

DISEÑO Y PROGRAMACIÓN WEB

Sitio Web y presencia en internet.

—

Diseñamos y programamos webs originales y autosuficientes, pensadas y escaladas para cada cliente

DESDE 1.300€

DISEÑO Y PROGRAMACIÓN MICROSITE O LANDING PAGE

Sitio Web y presencia en internet.

—

Diseño y programación de microsites y landing page para acciones determinadas de marketing.

DESDE 500€

DISEÑO Y PROGRAMACIÓN ECOMMERCE

Comercio electrónico.

—

Diseñamos y programamos eCommerce con los sistemas más avanzados, posicionamiento, pasarela de pago, autofacturación, gestión de procesos y todo lo que necesite para su comercio virtual.

(IMPORTE VALIDO PARA SISTEMAS WPS WORD PRESS)

DESDE 800€

REDES SOCIALES

Gestión de redes Sociales

—

Creación, diseño y ejecución de campañas dirigidas en Redes Sociales así como servicio de mejora de imagen para Redes.

DESDE 1.440€

SUBVENCIONES DEL 100%

WWW.SUVESTUDIO.COM

Vía Faraday (Pol. Tambre), 7-9
T. 981 589 911
e-mail: info@maderasvazquez.com
www.maderasvazquez.com

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rodiauto

Fundada en 1988, Rodiauto nace cunha clara dedicación ao servizo da industria, naval, agrícola e obras públicas. Desde a súa fundación, serve subministracións industriais desde a súa sede en Santiago de Compostela, na Cidade do Transporte, C, 71, a empresas da área metropolitana e de toda Galicia, sempre mantendo a máxima calidade e rapidez para dar resposta a todas as necesidades dos clientes.

Na actualidade, dispón dun amplo stock en hidráulica, neumática, rodamentos, elementos de transmisión de potencia, engrase, tornillería e estanqueidade.

Ademais, conta con persoal cualificado con máis de 25 anos de experiencia para alcanzar unha confianza duradeira nos clientes, baseada nun asesoramento técnico de calidade e cun trato próximo e cordial.

Talleres Antonio Vigo S.A. (TAVIGOSA)

Talleres Antonio Vigo S.A. (TAVIGOSA) é unha empresa familiar, fundada en 1985 en Padrón (A Coruña) por Antonio Vigo Citoula, hoxe falecido, despois de ter dedicado unha longa traxectoria profesional ao mundo da venda e reparación de vehículos industriais e agrícolas.

Hoxe en día, e tras ter pasado por distintas ubicacións de Santiago de Compostela como Boisaca e Vía Arquímedes no Polígono do Tambre, Talleres Antonio Vigo construíu en 2010 unhas novas instalacións máis modernas e funcionais no Polígono de Boisaca – rúa José Villar Granjel 9-13–.

A empresa é un MAN Truck & Bus Service co que representa a un dos fabricantes de vehículos industriais líderes do sector do transporte en Europa.

Nas súas instalacións conta con case 5.000 metros cadrados de superficie que reúnen unha zona de taller de 1.300 metros e outros 1.340 metros destinados a oficinas, recambios e soto de repostos. A zona de traballo componse de nove liñas para reparacións de camións, autobuses e furgonetas.

A satisfacción dos clientes é fundamental para a empresa, por iso traballa desde a excelencia para aportar solucións axeitadas ás súas necesidades, tanto desde a venda como desde a posventa con ofertas integrais e a medida do seu negocio.

O cliente pode contar con todo o necesario para un axeitado mantemento dos seus vehículos, tanto pola calidade dos recambios orixinais MAN como polo equipo de profesionais altamente cualificados e en continua formación, para ofrecerlle o mellor servizo posvenda.

Acuarela de

JOSÉ BAQUEIRO

Praza da Inmaculada

Trinta anos de cambios profundos e expansión crecente

A Asociación Área Empresarial do Tambre viviu as últimas tres décadas intensamente, con cambios profundos na súa organización e cunha expansión sen precedentes da área empresarial, non exenta de diferentes loitas por parte do empresarios do polígono compostelán. Ademais de construír e poñer en marcha o Centro Empresarial do Tambre, que nos seus inicios se denominou Centro Cívico do Tambre, o polígono experimentou unha intensa evolución urbanística marcada polas continuas melloras en infraestruturas e servizos, como o subministro de auga potable e o alumeado público, e máis recentemente o servizo de vixilancia, a construción da ansiada variante de Aradas e o xa proxectado Orbital, que dará conexión coa AP-9 e a A-54, e o futuro Orbitaliño, un trazado curto que unirá as vías anteriores coa N-550.

Actualmente, a Asociación abrangue os polígonos do Tambre, Boisaca, Costa Vella e A Sionlla, cun parque empresarial composto por aproximadamente 400 empresas que manteñen máis de 7.000 empregos directos. Pero os inicios foron outros, comezando pola creación da Cidade do Transporte e o crecemento continuado de metros cadrados industriais co asentamento de novas empresas.

5.000 millones para el polígono del Tambre

5.000 millones para el polígono del Tambre

Outubro de 1990 en El Correo Gallego. Co inicio da última década do século XX, inaugurouse a Cidade do Transporte no polígono do Tambre, con Xerardo Estévez como alcalde de Compostela e Manuel Caeiro como presidente dos empresarios do Tambre. Con 103 naves e 21.964 metros cadrados de superficie comezou a operar como centro de recepción e distribución de mercadorías, co que se xerarían centos de postos de traballo e mellor tráfico rodada na

El corazón industrial de una ciudad

La Voz de Galicia abría así un Especial en outubro de 1994 sobre o polígono industrial, composto naquel momento por trescentas empresas onde se lle daba Emprego a unhas 4.000 persoas, onde se analizaba a situación actual do recinto industrial, e a súa mellora na mobilidade e servizos coa actualización das súas infraestruturas. Na fotografía, tomada por Quique Alvarellos, apréciase o día a día da área empresarial na década dos noventa.

La Xunta estudiará la mejora de los accesos al Tambre que solicitan los empresarios

En abril de 1998, El Correo Gallego publicou unha ampla reportaxe de dúas páxinas con motivo da inauguración do novo Centro Empresarial do Polígono do Tambre que contou coa asistencia do presidente da Xunta de Galicia naquela época, Manuel Fraga. Aproveitando a presenza do titular do Goberno galego, tanto os empresarios como o alcalde daquel momento, Xerardo Estévez, solicitaron ao presidente autonómico melloras nos accesos e a ampliación do solo industrial do parque empresarial.

La Xunta estudiará la mejora de los accesos al Tambre que solicitan los empresarios

Los empresarios quieren que la Xunta asuma la gestión del suelo industrial

Nesta información de La Voz de Galicia de outubro de 1998, os empresarios do polígono do Tambre manifestaron que a xestión da Administración autonómica sobre a ampliación do solo industrial de Santiago que podería ser máis eficiente que a realizada pola Sociedad Estatal para a Promoción e Equipamento do Solo (Sepes).

Los empresarios quieren que la Xunta asuma la gestión del suelo industrial

Dos proyectos de futuro

Luz verde a otro polígono industrial que facilitará empleo a 5.000 personas

Xa a piques de entrar no novo milenio, El Correo Gallego publicou unha información en abril de 1999 sobre o xurdimento do 'Novo Tambre', unha ampliación de 800.000 metros cadrados no polígono que xa naqueles días tiña lista de espera das empresas.

AREA DE COMPOSTELA

Luz verde a otro polígono industrial que facilitará empleo a 5.000 personas

Primer paso para dotar a Santiago de un espacio económico único en Galicia

Unha colectiva de artistas galegos abre a sala de exposicións do Tambre

Nesta información de 2004, La Voz de Galicia explica como foi a apertura da sala de exposicións artísticas do Centro Empresarial do Tambre, que se presentou á sociedade compostelá cunha programación permanente da man do conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela.

Unha colectiva de artistas galegos abre a sala de exposicións do Tambre

El polígono del Tambre cumple 25 años

El polígono del Tambre cumple 25 años

Neste acto de homenaxe, do que se fixo eco o suplemento Vida Social de El Correo Gallego en novembro de 2004 cun fermoso álbum de fotografías, catrocentas empresas celebraron as vodas de prata do polígono coa asistencia do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga.

Levamos anos poñendo a nosa gotiña de auga en Galicia.

ESPINA&DELFIN

PROXECTOS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS
www.espinaydelfin.com

Sionlla Biotech, o futuro da biotecnoloxía galega

A Asociación Área Empresarial do Tambre é un dos socios que acompañan á Xunta de Galicia no proxecto do futuro polo biotecnolóxico da Sionlla, xunto coa Cámara de Comercio de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, a través de Uninova.

Supón, como dicía nunha visita recente Mabel Loza —directora científica da Fundación Kaertor—, unha "alianza estratéxica" que conformamos entre todos para asentar neste parque empresarial núcleo de todo o ecosistema biotecnolóxico galego.

Sionlla Biotech albergará un conxunto de infraestruturas e equipamento que van estar á disposición das empresas do sector (en fase de posincubación, crecemento e consolidación) onde van poder acceder a servizos innovadores adaptados ás súas necesidades.

Un proxecto ambicioso que fará de Galicia e de Santiago de Compostela un referente neste sector, no que xa somos a 2ª comunidade autónoma máis bioemprendedora de España, porque aquí se crearon en 2021 o 21% das empresas biotech a nivel nacional.

A Asociación Área Empresarial do Tambre está a prestar un apoio determinante para que a industria biotecnolóxica galega se poida dotar dun espazo onde consolidar un ecosistema de coñecemento forte e disruptivo, fundamental para ensanchar a base do sector en Galicia.

No parque empresarial da Sionlla, a Administración galega xa leva investidos 77 millóns de euros e xa adxudicou máis de 571.000 metros cadrados porque é manifesto o crecemento que experimentou nos últimos anos e o interese que segue espertando nas empresas.

En concreto, os fondos previstos para 2023 destinaranse aos traballos técnicos necesarios para ampliar en 400.000 m² o polígono actual, no cal só en 2022 se adxudicaron 10 parcelas.

Nese sentido, a vontade da Xunta é seguir consolidando as nosas políticas de solo empresarial, ao amparo da Lei de simplificación administrativa, e a través de bonificacións para favorecer o asentamento de novas empresas en Galicia e apoiar os proxectos de expansión do noso tecido empresarial.

Van ser 7 millóns de euros a partida destinada o próximo ano a manter as bonificacións que ofrece a Administración autonómica desde 2015 ás empresas que adquiren solo empresarial nos parques xestionados polo IGVS e a empresa pública Xestur. E, no caso concreto da Sionlla, estes incentivos son do 30% sobre o prezo de venda inicial e o aforro que supuxeron ata o momento para as empresas que se asentaron nel nos últimos anos foi de 12,5 millóns de euros.

A Asociación Área Empresarial do Tambre é, en definitiva, un interlocutor indispensable para a Xunta de Galicia con que agardamos poder seguir contando para consolidar máis investimentos e máis emprego no polígono da Sionlla.

Francisco Conde

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

RENTABILIDAD
CALIDAD
SERVICIO

Colectividades

TECNOLOGÍA
ASESORAMIENTO
FORMACIÓN

Reducción de costes y optimización de consumo

100% GARANTIZADO

COTELGA

C/ Mª de los Ángeles de la Gándara, 15
Polígono Industrial de Boisaca - C.P. 15890
Santiago de Compostela - A Coruña
Tlfs.: 981 572 180 - 981 563 050
Fax: 981 563 066
info@cotelga.com

AGENCIA ROMERO

Administradores de Fincas

981 591 905
www.agenciaromero.net
Rep. Argentina, 43 - Ent. B. Santiago de Compostela

Unha mostra mensual para dar forma a un 2022 de pintura, escultura e fotografía no salón de exposicións do Centro Empresarial do Tambre

Un momento especial foi a homenaxe ao falecido Xulio Maside, coa participación dunha vintena de artistas e compañeiros, como Manuel Quintana Martelo, Morquecho, Pardiñas, Vicente Prego e Rafael Masiá

A arte converteuse nun pilar fundamental das actividades que ano tras ano programa a Asociación Área Empresarial do Tambre. Tras cumprir dezaoito anos a sala de exposicións do Centro Empresarial do Tambre, xa se pode dicir sobradamente que é un punto de encontro de referencia do colectivo de artistas, xa sexan pintores, escultores ou mesmo fotógrafos que piden cita para poder amosar a súa obra a todo aquel que se achegue ao polígono empresarial.

Como é habitual, o comisario das exposicións artísticas do Centro Empresarial do Tambre, e tamén vicepresidente da Asociación, Manuel Nieto, traballa a reo para planificar unha completa programación de arte, enchendo así o ano con doce exposicións, é dicir, unha mostra mensual. Pero Nieto, non só ten esta implicación coa divulgación do mundo artístico, senón que el mesmo é un amante dos pinceis e crea as súas propias obras baixo a sinatura de Nietto, todo un luxo para a Asociación.

Este 2022 foi un ano moi heteroxéneo para a sala de arte da Asociación, con mostras que cubriron todos os espectros artísticos: pintura, escultura e fotografía. O ano comezou coa exposición de pintura "Concret" do artista inglés **John Eastham** que expuxo as súas pinturas sobre a temática dun "mono chispo". Febreiro arrincou co artista galego **Alejandro Caporale** e a súa serie fotográfica "Tarecos", unha revisión contemporánea do obxecto surrealista. Coa chegada de marzo inaugurouse a mostra "Escolma" do artista da Bandeira **Juan Liñares** que trouxo unha vintena de pinturas realistas que representan escenas da cultura galega, creadas a partir de fotografías tomadas polo propio autor. A primavera estreouse coa exposición de escultura "Inxestas" do mozo forxador e escultor vasco **Iñaki Canterla**. Xa no mes de maio foi a quenda de **Marta Pardo de Vera**, pintora coruñesa que chegou coa súa mostra figurativa "Relatos".

Un momento moi especial e sensible do ano foi a homenaxea a **Xulio Maside** cunha mostra de pintura e escultura na que enxalzou o seu compromiso coa arte. No mes de xuño, esta exposición colectiva xuntou a unha vintena de artistas, como Manuel Quintana Martelo, Morquecho, Pardiñas, Vicente Prego e Rafael Masiá que presentaron os seus respectos a un compañeiro de profesión falecido o pasado mes de abril.

Para o verán apostouse no mes de xullo polos "Collages" do madrileño **Vicente Ruíz Soldevilla** e en agosto pola pintura do tamén madrileño **Miguel Ángel Álvarez** que chegou coa exposición "Cidades de luz" cunha trintena de obras abstractas, conceptuais e figurativas. A volta ao cole foi con moi boa enerxía da man da pintora luguesa

Carmen Prado que amosou pinturas cheas de cor e expresividade en rostros femininos con trazos esaxerados, reunidas na exposición "En clave ♀ (feminina)". Xa co outono enriba, a sala de exposicións abriu as súas portas a unha mostra colectiva "Coincidencias" de pintura e escultura, cos cadros abstractos da catoirense **María Casal**, as obras expresionistas de **Nietto**, e as pezas rotundas e retorcidas chegadas desde Cambados do escultor **Francisco Pazos**. Novembro foi mes doutra mostra colectiva, esta vez con obras sobre os camiños de Santiago de **pintores portugueses e galegos** que forman parte da Associação da Amizade e das Artes Galego Portuguesa. E así, paso a paso foise acabando o ano ata chegar ata a última exposición, "Homúnculo. Da sensación á acción", nesta ocasión do pintor de Forcarei **José Luis Iglesias Diz**, que envolveu ao publico con pinturas sobre a relación profunda entre o ser humano e a contorna natural.

Mayoría de edad para el salón de exposiciones del Tambre

El 20 de abril de 2004 se inauguró la primera exposición que conmemoraba los XXV años de la constitución de la Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET). En esa ocasión se contó con un plantel de lujo, y muchos amigos ayudaron a que la empresa despegara con buenos vientos, entre ellos estaban Ana Cambeiro, Xosé Antón Castaño, María Antonio Castro, Juan Castro Varela, Guillermo Charlín, Marga Crespo, Jesús Ferradáns, Xosé Galán, Antón Goyanes, Anne Heyvaert, José Luis Iglesias Diz, Suso León, Luis Lorenzo, Xurxo Martiño, Rafael Masiá, José Ramon Morquecho, Nietto, Vicente Prego, Manuel Quintana Martelo e Nolo Suárez.

Ya ha pasado mucho tiempo desde que comenzamos con las exposiciones en el polígono del Tambre. El primer impulsor fue el que era presidente en ese momento, Manuel Caeiro, y a sabiendas de mi devoción por el mundo del arte, me propuso que me hiciese cargo de esta labor. Al principio solo se planteaba ir haciendo algunas exposiciones al año en fechas señaladas, pero poco a poco se fue afianzando la actividad.

La idea inicial era darles a los asociados de la AAET un motivo más para ir a la Asociación. Se pretendía ampliar la oferta de actividades de la Asociación, que ya contaba con cursos, charlas, reuniones de empresas y otras actividades. Se buscaba encontrar algún método nuevo con el que establecer una conexión entre la Asociación y la ciudad, hacer algo más. Nuestra pretensión nunca iba a ser competir con las demás salas de arte de la ciudad o de Galicia, nada más lejos de nuestra intención, de hecho, siempre se tuvo claro que no se trataba de una sala al uso, no se iba a representar a ningún artista ni promocionar sus obras directamente, pero sí ofrecer un espacio para que ellos mismos se pudiesen promocionar mostrando sus trabajos e intentar ofrecerles un espacio lo más serio y organizado posible.

Al principio creó bastantes recelos, incluso en el mundo empresarial, puesto que había algunos que no lo entendían ni lo compartían. En alguna asamblea hubo quien se manifestó en este sentido, con críticas que, por supuesto, fueron acogidas y respetadas, pero eso condicionó por un tiempo su continuidad. No obstante, se decidió esperar un poco y ver si la actividad se convertía en algo interesante para la Asociación o no. Hoy ya muy consolidada, hay empresarios de todo tipo que vienen de vez en cuando a sus inauguraciones, también artistas y ciudadanos que se interesan por la actividad, unas veces unos y otras otros, pero se puede decir que la actividad es exitosa. Como resultado, esta actividad aporta a la Asociación una pequeña colección, nada despreciable, que por supuesto, da armonía y alegra la vista en sus salas.

Por parte de los artistas también hubo sus más y sus menos. Ellos también creían que un espacio de este estilo no iba a tener mucho sentido y dudaban de su resultado, algo que no sucede hoy en día porque se ha convertido en algo muy común con muchas entidades que hacen algo parecido. La verdad es que era una empresa difícil, había que coordinar dos mundos completamente distintos y casi opuestos, el mundo racional, lo calculado y panificado, con el mundo espiritual, lo emocional, en buena parte lo improvisado, lo oculto y lo no calculado.

La ilusión de hacer algo nuevo cuajó y desde el primer momento la junta directiva apoyó esta actividad, por lo que estoy muy agradecido a todos ellos por su ánimo y ayuda para seguir incluso en los momentos más difíciles, que los hubo sin duda.

Manuel Nieto

Vicepresidente da Asociación Área Empresarial do Tambre e comisario das exposicións artísticas do Centro Empresarial do Tambr

MEN, no posto 54 da clasificación nacional de empresas do sector

Montaxes Eléctricas Noroeste (MEN) nace en 2005 como empresa especializada en instalacións eléctricas, de baixa e media tensión. Na súa traxectoria, a compañía incorporou novas actividades, adaptándoas sempre ás necesidades do mercado. Na actualidade, as principais actividades de MEN son:

- **Electricidade**
- **Instrumentación e control**
- **Seguridade**
- **Telecomunicacións**
- **Servizos industriais**

Desde o seu nacemento ata o momento actual, MEN tivo un crecemento progresivo e constante, tanto en estrutura como en cifra de negocio, situando á empresa no posto 54 da clasificación nacional de empresas do sector cun cadro de persoal constante de 50 empregados.

Nos últimos anos, MEN expandiu horizontes executando proxectos internacionais en países como Portugal, Italia, Romanía, Bolivia, República Dominicana ou México.

Coa aposta constante pola innovación, MEN puxo en marcha en 2019 MIN, unha nova empresa do grupo dedicada a solución informáticas de grao 3.

E como o contexto actual inflúe, MEN non foi allea ao efecto da covid-19 e desenvolveu un interesante proxecto dunha "Pasarela desinfectante", un sistema automatizado capaz de adaptarse tanto a persoas como a obxectos.

Sinerxía e converxencia

A constitución e desenvolvemento do Biopolo Sionlla manifesta sen marxe para a dúbida que a unión de esforzos é o camiño óptimo para acadar os mellores resultados. Sinerxía e converxencia reforzan as fortalezas de quen nos temos xuntado arredor da mesma mesa para dar forma ao Polo Biotecnolóxico de Galicia: administración autonómica, local, tecido produtivo, empresas e universidade. Cada quen dende a súa parcela e das súas competencias, temos a oportunidade de axudar a construír un proxecto que converta a Galicia nun referente nun eido que está por desenvolver pero que xa goza dunha gran notoriedade.

A Universidade de Santiago comprometeuse dende o primeiro momento con este proxecto porque entendemos que representa unha oportunidade de complementariedade e de continuidade para as nosas propias liñas de acción. Formamos futuros e futuras profesionais desta especialidade a través do grao en Biotecnoloxía e doutras titulacións relacionadas, como son Medicina, Veterinaria, Farmacia, Bioloxía ou Enxeñaría Química, e imaxinamos e damos forma ao futuro neste campo a través do traballo de investigación nos laboratorios. A rede de centros singulares, os institutos de investigación e os grupos están a xerar unha intensa actividade investigadora que cada vez máis, trata de pechar o ciclo mediante procesos de valorización que aproximan os resultados á sociedade. Neste senso, non somos alleos ao noso compromiso, á nosa obriga, de transferir á sociedade o noso coñecemento porque estamos convencidos de que é un camiño de progreso inequívoco.

Formamos, investigamos e transferimos coñecemento por diversas vías, entre as que se atopan a explotación de patentes e a creación de empresas (spin-offs). Desta forma enriquecemos o noso traballo na aula e nos laboratorios ao poñelo a dispor da sociedade e, sobre todo, da xeración de valor engadido e riqueza para a comunidade. Oxalá fora doutra forma, pero temos capacidades finitas para acubillar novas empresas xurdidas a partir da investigación dos nosos grupos de investigación. A universidade está a xerar un número de spin-offs relevante no eido da biotecnoloxía dentro da súa incubadora que nun futuro próximo precisarán de novas instalacións especializadas máis axeitadas para empresas en fase de expansión. Seguramente, algunha destas pequenas empresas están chamadas a ser as protagonistas do futuro empresarial de Santiago. Así, neste punto o Polo Biotecnolóxico de Galicia, o Biopolo Sionlla, para a USC representa un complemento estratéxico e unha alternativa para permitir seguir medrando e alimentado proxectos de alcance empresarial que poden chegar a ser referentes na economía do futuro e contribuír á diversificación do tecido económico da nosa cidade.

A Biotecnoloxía é un sector en pleno despegue no que temos a oportunidade de axudar a construír dende a súa xénese e na definición dos seus piares: dende a formación de profesionais ata o sistema produtivo que deberá definir o seu valor diferencial en termos económicos, a través dos correspondente axentes produtivos e empresariais. O Biopolo ven a achegar un elemento esencial que se votaba en falta no ecosistema de innovación biotecnolóxico de Galicia.

O espazo físico emprazado na Sionlla abre a oportunidade de concentrar nun único espazo, un bo número de empresas que, unha vez maduradas poidan emprender tamén procesos produtivos de maior envergadura. O peche completo do ciclo suporá a xeración dun círculo virtuoso que incremente a relación universidade-empresa no que todos saímos gañando. O reforzamento deste sector tamén pode axudar a asentar persoal moi cualificado que hoxe en día ten que buscar traballo lonxe das nosas fronteiras. Por outra banda, as empresas poderán aproveitar mellor os resultados da investigación punteira que se fai na USC e, ao mesmo tempo, actuarán como catalizadoras no proceso de valorización do coñecemento.

Ese mesmo traxecto ten tamén unha segunda contrapartida igualmente beneficiosa para a nosa cidade e para o conxunto social como é contribuír a apuntalar a expansión do Polígono industrial do Tambre. E faino apoiándose nesta simbiose de participantes para propiciar a creación de emprego de calidade, baseado no coñecemento e na experiencia de axentes de contrastada experiencia. Estes dous elementos axudan a minorar os factores de risco e reducir o incertezas sobre a súa viabilidade.

Antonio López
Reitor da Universidade de Santiago

OMSEGUR

FRANCISCO OTERO
CORREDOR DE SEGUROS

mediadores A Coruña

Teléf. **981 597 795** • om.correduria@gmail.com

alfa consulting empresarial

economistas

Asesoría Fiscal · Laboral · Contable

facebook.com/AlfaConsultingEmpresarial/

Teléf. **981 593 476** • info@alface.es • alface.es

C/ San Pedro de Mezonzo 19, 1º A • 15701 Santiago de Compostela

REDINOX

ACERO INOXIDABLE

Via Faraday, 35,
15890, Santiago de Compostela
A Coruña

T. +34 981 586 433
redinox@redinox.com

Unha visión sobre o sector hostaleiro en Compostela

O sector da hostalaría na nosa cidade tense caracterizado ao longo da historia por ter sido un sector de grande peso. Quer polo volume da súa cifra de negocio, quer polo seu valor cuantitativo, a influencia deste sector sobre o devir da cidade foi determinante e en determinados períodos da historia da cidade, condicionante incluso; poño caso, as últimas dúas décadas do pasado século XX.

Non obstante, o comezo do novo século e especialmente nos dous últimos lustros, este sector ten asistido, a xuízo de quen escribe, a un proceso de transformación tan profundo como determinante e digno de ser estudado. A hostalaría tradicional (bares, cafetarías, restaurantes, hospedaxe no seu conxunto…), ao igual que o sector comercial, no ámbito do Casco Histórico fundamentalmente, ten mudado a súa fisionomía, oferta e *modus operandi* de forma radical. Quen coñeceu as rúas do Franco e Raíña ás que hai que sumar ás paralelas Vilar, Nova e Orfas, dos anos 80 e 90, coincidirá que pouco teñen que ver coas actuais no que á oferta hostaleira se refire. O **fenómeno xacobeo** foi, sen dúbida, o factor que provocou o cambio tan profundo desta realidade. O público "nativo" , noutrora protagonista diario destas dúas rúas, tense visto desprazado a novos espazos que xurdiron como oferta dirixida a atender as necesidades do público local. As ofertas do entorno da praza de abastos das rúas Orfas, barrio de San Pedro e Praza de Mazarelos son novo punto de encontro da "clase media" compostelá. Esta nova realidade ten creado novos hábitos, propios das novas xeracións, que apostan por un consumo intenso de fins de semana que comeza cunha visita ao mercado e continúa cun extenso e prolongado tempo de viños e cañas para diluírse nun xantar que alterna entre a "mesa e mantel" tradicional cun "tapeo" improvisado, para rematar cunha temperá entrada no mundo das copas con ofertas "ad hoc", neste mesmo entorno xeográfico. Obviamente esta xeneralización é exactamente iso, unha xeneralización, pero que serve para ilustrar os novos hábitos do "público oriúndo da cidade" e a resposta que o sector ten dado a esas novas demandas.

Isto no que atinxe ao ámbito da zona nobre da cidade, pero o resto da cidade, ensanche, barrios, As Fontiñas, novas zonas residenciais como Santa Marta, tiveron comportamentos distintos pero con dous elementos comúns, a evolución natural da oferta tradicional con cambios pouco significativos máis alá da adaptación aos novos tempos e como segundo elemento, a aparición de novas ofertas protagonizadas por empresas ben estruturadas quer na musculatura financeira dos seus proxectos, quer na solvencia das súas propostas gastronómicas. E a boa noticia é que moitas destas iniciativas están protagonizadas por capital local, por empresas de aquí. Marcas como "La Bodeguilla (Sán Lázaro ou Santa Marta), "La Pepita", cuxa empresa matriz acaba de recuperar para o gozo do público local as instalacións da outrora afamada fábrica Chocolates Raposo baixo a marca "Cacao", a iniciativa de "A Noiesa", as de "Pampín" e "Pimpán", "La Burguería", ou as apostas con certas concomitancias no formato do "Boanerges" ou "La Galiciana", son apenas uns exemplos desta nova presenza de apostas ben estruturadas, a xuízo de quen escrebe.

Pero a hostalaría non é só a parte da restauración e a hostalería, hostalaría é tamén a parte que se dedica a producir para novas demandas que o mercado reclama. Neste sentido a parte máis "industrial" do sector ten tamén mudado coa aparición da oferta da denominada quinta gama. Neste sentido as iniciativas específicas deste subsector están competindo duramente coa aposta, cada vez maior, que o sector das grandes cadeas de distribución está a protagonizar cara a este tipo de demanda, conscientes da cota de mercado latente.

